



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2020/21 |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|---------|
| Asignatura (*) | Literatura Inglesa 2 | Código | 613G01017 | | |
| Titulación | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | Inglés | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Letras | | | | |
| Coordinación | Alonso Giraldez, Jose Miguel | Correo electrónico | miguel.giraldez@udc.es | | |
| Profesorado | Alonso Giraldez, Jose Miguel Clark Mitchell, David Mitchell | Correo electrónico | miguel.giraldez@udc.es david.clark@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Estudo panorámico da literatura inglesa dos seculos XVIII e XIX. | | | | |
| Plan de continxencia | 1.Modificacións nos contidos Non se modifican. 2.Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Lecturas e Traballos tutelados. Os seminarios, no seu caso, poderán celebrarse online, ou mediante gravacións, incluíndo exercicios. *Metodoloxías docentes que se modifican Sesións presenciais que pasan a ser telemáticas no mesmo horario vía Email, Moodle e Teams, segundo decisión do profesor. 3.Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle, Teams e Correo Electrónico. 4.Modificacións na avaliación: Avaliación Continua 100%. Traballos tutelados, Tarefas de lectura, Exercicios e Actividades propostas. O profesor poderá realizar sesións online para completar a avaliación das tarefas. Observacións de avaliación: Participación avaliada vía Teams e a través de contribucións escritas ou, no seu caso orais, á discusión. 5.Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifica. Facilitaranse textos en formato electrónico sempre que sexa posible. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|---|
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A16 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos. |
| A17 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|---------------------------|-------------------------------------|
|---------------------------|-------------------------------------|



| | | | |
|--|------------------------------------|----------------------|----|
| Aprender e aplicar técnicas de análise literaria | A1 A2 A7 A8 A16 A17 | B5 B7 B8 | |
| Familiarizarse con aspectos diversos da historia de Gran Bretaña e a súa cultura | A1 A7 A8 A16 | B1 B5 B7 B8 | |
| Saber recoñecer e analizar os contidos ideolóxicos dos textos | A7 A8 | B1 | C8 |
| Familiarizarse coa evolución da literatura inglesa | A2 A17 | | |
| Aprender e aplicar técnicas de análise literaria | A7 A8 | | |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A novela no século XVIII. | 1.1. Introducción. 1.2. Daniel Defoe: A Journal of the Plague Year. (Texto completo) 1.3 Outros autores relevantes do século XVIII (pasaxes das súas obras): Walpole, Swift, Defoe (Moll), Fielding, Richardson, Sterne, Sarah Fielding, etc. |
| 2. O Romanticismo | 2.1 Introducción 2.2 Poesía: Wordsworth, Keats e Coleridge. 2.3. Introducción á novela gótica. 2.4 Novela: Frankenstein Mary Shelley (novela completa) |
| 3. A novela e a historia curta do século XIX | 3.1 Introducción 3.2 Jane Austen Pride and Prejudice (novela completa) 3.3 Dickens e o seu mundo. Hard Times (novela completa). 3.4 Thomas Hardy The Mayor of Casterbridge (capítulos 1-10) |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A1 | 0 | 30 | 30 |
| Sesión maxistral | A7 A17 B1 B5 B7 B8 C8 | 20 | 0 | 20 |
| Seminario | A1 A2 | 28 | 5 | 33 |
| Proba mixta | A1 A2 A8 A16 B5 B7 | 0 | 18 | 18 |
| Lecturas | A16 | 0 | 45 | 45 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Traballos individuais ou en grupo pequeno. |
| Sesión maxistral | Explicación de temas. |



| | |
|-------------|---|
| Seminario | Discusión en máis profundidade de temas. Realizaranse en grupo reducido para favorecer a participación de todas/os. A participación dos alumnos será obxecto de avaliación. |
| Proba mixta | Exames escritos de contidos teóricos e prácticos. |
| Lecturas | Ler os textos do corpus (obras ou fragmentos) |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | O alumnado deberá preparar traballos individuais sobre textos e temas do corpus para a súa presentación escrita ou oral, segundo as indicacións do seu momento do profesor. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Seminario | A1 A2 | Participación e desenvolvemento dos traballos dentro dos seminarios, incluíndo os tests escritos de cada unha das lecturas do curso. | 25 |
| Proba mixta | A1 A2 A8 A16 B5 B7 | Proba de preguntas teóricas do aprendido durante o curso e de comentario e análise de textos. | 50 |
| Traballos tutelados | A1 | Un traballo SEMPRE INDIVIDUAL puntuable sobre as lecturas e os contidos da asignatura, de 6 páxinas de lonxitude. O profesor, salvo indicación contraria, avaliará o traballo escrito cunha proba oral. | 25 |

Observacións avaliación

Os estudantes deben completar as lecturas propostas (ver listaxe de contidos do programa) sempre antes de que sexan analizadas ou comentadas en clase, para que a interactividade e o debate sexa posible. Igualmente, o profesor poderá establecer un test ou unha proba de lectura, que se realizará sempre na clase, sobre cada unha das lecturas en curso, xa sexa nese momento ou máis tarde de que esas obras se traballaran na aula. As lecturas son obrigatorias e todas elas serán avaliadas de xeito individual. As lecturas e os seus tests respectivos forman parte da avaliación da asignatura, no apartado Seminario, como se indica enriba destas liñas. Os traballos tutelados serán individuais, se realizarán fora da aula, terán unha extensión de 6 páxinas, e estarán escritos en inglés. Salvo indicación contraria, serán presentados polos alumnos oralmente, dun xeito individual, segundo a decisión do profesor. O traballo deberá ser entregado en tempo e forma antes de ser presentado oralmente, no seu caso, xunto coa presentación (PPT).

O exame escrito completará a avaliación da materia.

Na oportunidade de xullo os alumnos/as realizarán un traballo sobre os textos de estudo (50% da nota) e o exame (50% da nota). Aqueles alumnos/as que o longo do curso presentaran traballos satisfactoriamente non teñen que presentar ningún traballo adicional, agás que o indique o profesor especificamente.

Os alumnos/as que non se presenten ás probas obxectivas da primeira ou segunda oportunidade acadarán a cualificación de Non Presentado.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Sobre o plaxio

Os traballos escritos poden ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). Turnitin reconece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Fontes de información



| | |
|---|---|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Amorós et al (1998). Historia crítica de la novela inglesa . Salamanca:Ediciones Colegio de España - Brantlinger, P. y Thesing, W. (eds) (2005). A Companion to the Victorian Novel . Oxford:Blackwell - Butler, Marilyn (1981). Rebels and Revolutionaries: English Literature and its Background, 1760-1830 . Londres y Oxford: O.U.P. - Copeland, E. & Mc Master, J. (eds) (2001). The Cambridge Companion to Jane Austen. Cambridge: CUP - Chris, Carol T. et al (Eds) (2006). The Norton Anthology of English Literature, vol 2. New York & London: Norton - Damrosch , D y Dettmar, K (eds) (2009). The Longman Anthology of British Literature, Volume 2C: The Twentieth Century and Beyond (4th Edition). Londres: Longman - Gilbert, S. and Gubar, S. (2000). The Madwoman in the Attic. Yale UP - Greenblatt, Stephen et al (eds) (2005). The Norton Anthology of English Literature: The Victorian Age. New York: Norton - Head, Dominic (2002). The Cambridge Introduction to Modern British Fiction 1950-2000. Cambridge: CUP - Liggins, Emma; Maunder, A.; Robins, R. (eds) (2011). The British Short Story. London: Palgrave - Ledger, Sally (1997). Fiction and Feminism at the fin de siècle. Manchester: Manchester UP - Lorenzo Modia, M.J. (1998). Literatura inglesa del siglo XVIII. A Coruña: Universidade da Coruña - Marcus,L. and Nicholls (2005). The Cambridge History of Twentieth Century English Literature. Cambridge: CUP - Miles, Rosalind (1987). The Female Form. Women Writers and the Conquest of the Novel. London: Routledge - Rogers, P. (ed.) (1978). The Eighteenth Century. The Context of English Literature. London: Methuen - Ruthven, K.K. (1984). Feminist Literary Studies. An Introduction. Cambridge: CUP - Sanders, Andrew (1994). The Short Oxford History of English Literature. Oxford: Clarendon - Showalter, Elaine (1989). A Literature of their Own. From Brontë to Lessing. London: Routledge - Spencer, Jane (1986). The Rise of the Woman Novelist: From Aphra Behn to Jane Austen. Oxford: Blackwell - Stevenson, Randall (1993). A Reader`s Guide to the 20th Century Novel in Britain. London: Harvester - Stone, Lawrence (1990). The Family, Sex and Marriage in England 1500-1800. Harmondsworth: Penguin - Thomson, D. (1981). The Pelican History of England in the Twentieth Century. Harmondsworth: Penguin - Todd, Janet (1992). The Sign of Angellica. Women, Writing and Fiction 1600-1800. Columbia UP - Wollstonecraft, Mary (2004). Vindicacion dos dereitos da muller. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco <p>Lista de lecturas: En la mayoría de los casos se emplearán fragmentos de las obras, salvo en aquellas que se señalan específicamente.CXVIII Defoe, Daniel: A Journal of the Plague Year (Complete)Gulliver`s Travels, de Jonathan Swift (Primer libro, A Voyage to Lilliput). Pride and Prejudice, Jane Austen, (texto completo)XIX Poetas románticos (poemas de Keats, Wordsworth e Coleridge)Frankenstein, de Mary Shelley. (texto completo)Charles Dickens. Hard Times.Thomas Hardy: The Mayor of Casterbridge.</p> |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Todd, Janet (1988). Feminist Literary History. London: Polity Press - Pyckett, Lynn (1995). Engendering Fictions. The English Novel in the Early 20th Century. London: Arnold - Hanson, Clare (1987). Short Stories, Short Fiction 1880-1980. London: MacMillan - Eagleton, Mary (1998). Feminist Literary Criticism. London: Longman - Bell, Michael (1980). The Context of English Literature. London: Methuen |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Introdución aos Estudos Literarios/613G03005

Literatura Inglesa 1/613G03010

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías